

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES DO DÍA 23 DE SETEMBRO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e tres de setembro de 2008, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: O Sr. alcalde don Antonio Varela Saavedra.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Eléxpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona María Jesús González Roel e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Asiste, como secretaria, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

Antes de comezar coa orde do día da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica, o Sr. alcalde informa aos presentes de que esta tarde rompeu a tubaxe xeral de auga na Tapia, e por iso non está presente a concelleira dona M^a Beatriz Ramos Padín. Don José Venancio Salcines Cristal tiña que estar nestes momentos na Universidade, e don Francisco Javier Varela Tejedor está enfermo.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA

E PROMOCIÓN ECONÓMICA

1º Ratificación, se procede, da Resolución de Alcaldía do día 19 de setembro de 2008, respecto do establecemento das festas locais para o ano 2009

Dada conta da Resolución de Alcaldía n.º 1753 de 19 de setembro deste ano, que se transcribe literalmente a continuación:

“Visto o escrito da Delegación Provincial da Consellería de Traballo rexistrado de entrada o día 16 de setembro de 2008 co número 11 644, no que solicita a designación das festas locais para o ano 2009.

Visto que se debe remitir a proposta municipal con anterioridade ao día 20 de setembro de 2008.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, resolvo:

Primeiro: Fixar como festas locais para o ano 2009 o martes de entroido e o luns 17 de agosto.

Segundo: Comuníquese ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar, para os efectos da súa ratificación e remítase a correspondente certificación á Delegación provincial.”

A comisión, en votación ordinaria, por catro votos a prol, correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE, PP, BNG e EU-IU, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Ratificar a Resolución de Alcaldía n.º 1753 de 19 de setembro de 2008, respecto do establecemento das festas locais para o ano 2009.

2º Aprobación, se procede, da revisión de tarifas a percibir polo concesionario do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e no Temple

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego e do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, de data 17 de setembro de 2008.

O Sr. presidente concede a palabra a don Jaime Manuel Lopez Lisnier, concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, quen manifesta que a proposta recolle unhas tarifas que están por debaixo do IPC e, incluso, por debaixo da actualización prevista no punto 4 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexiu no seu día para a adjudicación da concesión da explotación do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e no Temple.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, concelleiro de EU-IU, expón que, segundo parece, a piscina non é rendible, e considera que se deberían buscar alternativas para abaratar o servizo, como a instalación de placas solares, facer campañas de promoción entre asociacións, clubs de fútbol, etc., e conclúe dicindo que ao mellor subir as tarifas pode ser contraproducente.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que, respecto das tarifas que se cobran noutros

sitios, as que se propoñen en Cambre non son caras.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do BNG, manifesta que o seu grupo vai votar a prol porque o prego de cláusulas administrativas particulares da concesión da piscina se aprobou polo pleno da corporación cando eles estaban gobernando, e había un estudo económico-financeiro feito polo interventor, dentro do cal se atopaba esta proposta.

A Sra. interventora engade que as tarifas que se inclúen na proposta son inferiores ao que podría aprobar a corporación.

A comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol, correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE e do BNG, e dúas abstencións, correspondentes aos concelleiros do PP e de EU-IU, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar a revisión das tarifas máximas a percibir polo concesionario segundo detalle:

	<u>Outubro 2008</u>
Abonados	
Abono individual xeral	23,75
Abono Familiar (resp.unidade.fam)	22,95
Cónxuxe	4,05
Fillos	4,05
Abono xoven	17,15
Abono 3ª idade e dim.	16,95
Abono individual mañá	16,30
Matrícula abonados	23,15
Mantemento matrícula	11,60
Non abonados	
Entrada xeral	4,10
Entrada -18 anos	2,80
Entrada estudantes	2,80
Entrada 3ª idade	2,80
Baño libre piscinas exteriores	
1 días	2,80
1 día, -18 anos,estudantes,carné xoven, 3ªidade.	2,50

Programa deportivo municipal na Barcala

Abonados

Natación bebés (1 día semana)	6,20
Natación escolar (1 día semana)	4,40
Natación escolar (2 días semana)	8,80
Natación 3ª idade (2 días semana)	8,80
Natación recuperación funcional (2 días semana)	8,80
Natación educación especial (2 días semana)	10,50
Matrícula	11,60

Non Abonados

Natación bebés (1 día semana)	12,40
Natación escolar (1 día semana)	8,80
Natación escolar (2 días semana)	17,60
Natación 3ª idade (2 días semana)	17,60
Natación recuperación funcional (2 días semana)	17,60
Natación educación especial (2 días semana)	21,00
Matrícula	23,20

Programa deportivo municipal en piscinas exteriores

Natación iniciación infantil	33,00
Natación perfeccionamento infantil /adultos	33,00
Natación iniciación adultos	33,00

Actividades

Abonados

Fitness (2 días semana)	10,00
Fitness (3 días semana)	14,20
Fitness (5 días semana)	22,00
sesión	2,05
Natación adultos (2 días)	10,00
Natación adultos (3 días)	13,50
Matronatación (2 días)	10,50
Aquagym (2 días)	12,00
Aquagym (3 días)	16,00
Ed. F. de Base (1 día)	8,50
Ed. F. de Base (2 día)	14,00

Non abonados

Fitness (2 días semana)	17,00
-------------------------	-------

Fitness (3 días semana)	23,70
Fitness (5 días semana)	36,75
sesión	4,10
Natación adultos (2 días)	20,00
Natación adultos (3 días)	27,00
Matronatación (2 días)	21,00
Aquagym (2 días)	24,00
Aquagym (3 días)	32,00
Ed. F. de Base (1 día)	12,50
Ed. F. de Base (2 día)	20,00

Segundo: Comunicar a empresa Hebe Sport S.L. os acordos adoptados.

3º Rogos e preguntas

Dado que se presentaron rogos e preguntas e que non se atopa presente o concelleiro delegado da área, o Sr. alcalde propón deixar os rogos e preguntas para outra comisión informativa que podería ter lugar a próxima semana.

A proposta é aceptada por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión.

Faise constar que o grupo municipal do PP presentou un rogo, rexistrado de entrada ao núm. 11965 o día 20 do actual.

Faise constar, igualmente, que o grupo municipal do BNG presentou catro preguntas mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 11973 o 20 de setembro actual.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO

AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Rogos e preguntas

O Sr. alcalde propón tratar os rogos e preguntas presentados na comisión informativa que se convoque para o efecto.

A proposta é aceptada por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión.

Faise constar que o grupo municipal do PP presentou catro rogos mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 11966 o 20 de setembro actual.

O grupo municipal de EU-IU presentou catro rogos e 6 preguntas mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 11970 o 20 de setembro actual.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ

1º Aprobación, se procede, da revisión de tarifas a percibir polo concesionario do complexo deportivo da Barcala e piscinas descubertas no Balado e no Temple

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego e do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes, de data 17 de setembro de 2008.

A comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol, correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE e do BNG, e dúas abstencións, correspondentes aos concelleiros do PP e de EU-IU, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar a revisión das tarifas máximas a percibir polo concesionario segundo detalle:

	<u>Outubro 2008</u>
Abonados	
Abono individual xeral	23,75
Abono Familiar (resp.unidade.fam)	22,95
Cónxuxe	4,05
Fillos	4,05
Abono xoven	17,15
Abono 3ª idade e dim.	16,95

Abono individual mañá	16,30
Matrícula abonados	23,15
Mantemento matrícula	11,60
Non abonados	
Entrada xeral	4,10
Entrada -18 anos	2,80
Entrada estudantes	2,80
Entrada 3ª idade	2,80
Baño libre piscinas exteriores	
1 días	2,80
1 día, -18 anos,estudantes,carné xoven, 3ªidade.	2,50
Programa deportivo municipal na Barcala	
Abonados	
Natación bebés (1 día semana)	6,20
Natación escolar (1 día semana)	4,40
Natación escolar (2 días semana)	8,80
Natación 3ª idade (2 días semana)	8,80
Natación recuperación funcional (2 días semana)	8,80
Natación educación especial (2 días semana)	10,50
Matrícula	11,60
Non Abonados	
Natación bebés (1 día semana)	12,40
Natación escolar (1 día semana)	8,80
Natación escolar (2 días semana)	17,60
Natación 3ª idade (2 días semana)	17,60
Natación recuperación funcional (2 días semana)	17,60
Natación educación especial (2 días semana)	21,00
Matrícula	23,20
Programa deportivo municipal en piscinas exteriores	
Natación iniciación infantil	33,00
Natación perfeccionamento infantil /adultos	33,00
Natación iniciación adultos	33,00

Actividades

Abonados

Fitness (2 días semana)	10,00
Fitness (3 días semana)	14,20
Fitness (5 días semana)	22,00
sesión	2,05
Natación adultos (2 días)	10,00
Natación adultos (3 días)	13,50
Matronatación (2 días)	10,50
Aquagym (2 días)	12,00
Aquagym (3 días)	16,00
Ed. F. de Base (1 día)	8,50
Ed. F. de Base (2 día)	14,00

Non abonados

Fitness (2 días semana)	17,00
Fitness (3 días semana)	23,70
Fitness (5 días semana)	36,75
sesión	4,10
Natación adultos (2 días)	20,00
Natación adultos (3 días)	27,00
Matronatación (2 días)	21,00
Aquagym (2 días)	24,00
Aquagym (3 días)	32,00
Ed. F. de Base (1 día)	12,50
Ed. F. de Base (2 día)	20,00

Segundo: Comunicar a empresa Hebe Sport S.L. os acordos adoptados.

2º Rogos e preguntas

O Sr. alcalde propón tratar os rogos e preguntas presentados na comisión informativa que se convoque para o efecto.

A proposta é aceptada por unanimidade dos catro concelleiros asistentes á sesión.

Faise constar que o grupo municipal do BNG presentou dúas preguntas mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 11973 o 20 de setembro actual.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e trinta minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia